ANTONIO VÁZQUEZ ROSALES (1 para 6)
ARQUITECTO MUNICIPAL
Data de Sinatura: 17/02/2023
HASH: 0668f0d2e56a3b8fbaf4bc5bccdbcbf50

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (2 para 6)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 15/02/2023
HASH: 7339be5fa00bca60e21575bd565d9391

MARIA DEL MAR PEREIRA GARCIA (3 para 6)
TECNICA MEDIA DE XESTION ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 16/02/2023
HASH: 34cbf30b1f1f3f3891ff70e33859e3d43

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA DAR A COÑECER A VALORACIÓN DO SOBRE B E APERTURA DO SOBRE C, NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACION E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DE VIARIOS NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEAÑO. LOTE 2 (PARROQUIA DE DENA).

Na Concello de Meaño, sendo as 9:50 horas do día 14 de febreiro de 2023 reúnese a Mesa de contratación, que asistirá ao órgano de contratación na adxudicación da obra **"Proxecto integral de pavimentación e mellora da seguridade vial de viarios no termo municipal do Concello de Meaño. Lote 2 (Parroquia de Dena)"**, convocada por Resolución da Alcaldía de data 07/02/2023, nº 2023-0050, coa asistencia de D Carlos Viéitez Fernández, alcalde, Dª Mª Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, D Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal, Dª Mª del Mar Pereira García, técnico medio de Administración Xeral e Dª Tamara Deza Martínez, arquitecta; ao non asistir Dª Evangelina Vea Espiña, arquitecta técnica municipal.

Actúa como secretaria Dª Trinidad Lorenzo Lema, administrativa.

É o obxecto desta reunión e dar a coñecer as puntuacións acadadas na valoración das propostas presentadas no SOBRE B e a apertura do SOBRE C e valoración das ofertas.

Concorrendo o quórum esixido, a mesa queda válidamente constituída, procedendo a dar conta do informe emitido, con data 07-02-2023, polos servizos técnicos en relación á documentación aportada no Sobre B polas empresas que concorreron á licitación:

"Informe.-VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS COMO SOBRE B NA LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO "PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DE VIARIOS NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEAÑO. LOTE 2" (PARROQUIA DE DENA), POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. Expediente 916/2022.

Examinada a documentación presentada no "Sobre B" polas empresas que concorren ao referido proceso de licitación, e atendendo ao establecido no prego Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares que rexen a contratación na súa "CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adxudicación" apartado A, que establece:

"A. Criterios avaliables mediante un xuízo de valor, sobre B: Ata 25 puntos

As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 25 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliables mediante un xuízo de valor:

1) MEMORIA DESCRIPTIVA E PROGRAMA DO PROCESO DE EXECUCIÓN

2) PROGRAMA DE SEGURIDADE

3) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE

1) MEMORIA DESCRIPTIVA E PROGRAMA DO PROCESO DE EXECUCIÓN.

Valorarase ata 15 puntos.

Valorarase a elaboración da programación das obras, con particularización das fases presentadas, con revisión

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

MARIA TERESA ESCUDERO BARRAL (4 para 6)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 16/02/2023
HASH: 5baef9615360da0c4e03bcaa7ed39b04

TAMARA DEZA MARTÍNEZ (5 para 6)
ARQUITECTA
Data de Sinatura: 16/02/2023
HASH: ea4b960b0eaff817a2e8e89d1983263

TRINIDAD LORENZO LEMA (6 para 6)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 16/02/2023
HASH: a00f0a35c67e135149dc68ebac2e8095

da ordenación lóxica das unidades de traballo e dos equipos que se empreguen nas mesmas. Acompañarase dunha relación das fontes de subministro de materiais e estudo dos medios de transporte.

A maiores, detectaranse as principais dificultades ou fitos da execución presentada, identificando as actividades críticas e establecendo as particularidades para a solución dos tempos de retraso nas obras en referencia a elas.

2) PROGRAMA DE SEGURIDADE. Valorarase ata 5 puntos.

Valorarase a elaboración dun plan detallado para garantir a seguridade e accesibilidade durante o transcurso da obra, tanto na propia obra como na contorna da mesma, dacordo ao esixido pola autoridade ambiental autonómica. O plan debe garantir o aumento de seguridade e un menor impacto a veciños e usuarios das vías, especialmente de grupos de poboación con maiores dificultades (anciáns, persoas discapacitadas, nenos, etc.).

Só serán avaliables as medidas que alcancen a todo tipo de usuarios, se propoñan máis aló das mínimas legalmente establecidas e que se xustifiquen adecuadamente, de tal forma que supoñan un compromiso por parte do licitador.

O plan acompañarase dun estudo de implantación detallado, coas provisión correctas, xestión dos acopios, tanto en tempo coma en localización, e xestión dos desvíos provisionais necesarios e solución para os servizos afectados por eles. Poderá ser rectificado polo Concello de así estimarse para mellorar a correcta execución da obra.

3) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE. Valorarase ata 5 puntos.

Valorarase a elaboración dun plan detallado para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra.

Terase en especial consideración a aplicación de tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto para as características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo. Poderá ser rectificado polo Concello de así estimarse para mellorar a correcta execución da obra."

Atendendo ao disposto no prego, segundo o cal *"Ao contemplar neste procedemento criterios suxeitos a xuizos de valor, rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de contratación proderá á apertura do sobre B, dando traslado aos servizos técnicos do Concello para que nun prazo non superior a sete días procedan a valorala e subscribir a valoración que realicen.", a xuízo* dos técnicos que subscriben resultan as seguintes valoracións en relación coa documentación presentada polas empresas presentadas á licitación:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.I. (MARCONSA)	UTE ORESA-ANFISA
1) MEMORIA DESCRIPTIVA E PROGRAMA DO PROCESO DE	Completa e detallada programación das obras, fases, unidades de traballo e equipos con criterios de	Completa e detallada programación das obras, fases, unidades de traballo e equipos con criterios de	Programación das obras, fases, unidades de traballo e equipos. Relación das fontes de subministro de

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10

EXECUCIÓN. **Valorarase ata 15 puntos.**	eficiencia. Completa e detallada relación das fontes de subministro de materiais e estudo dos medios de transporte con criterios de eficiencia. Detección particular das principais dificultades ou fitos da execución e solución dos tempos de retraso. **15 puntos**	eficiencia. Relación das fontes de subministro de materiais e estudo dos medios de transporte. Detección xeral das principais dificultades ou fitos da execución e solución dos tempos de retraso. **12,50 puntos**	materiais e estudo dos medios de transporte. Detección particular das principais dificultades ou fitos da execución e solución dos tempos de retraso. **8,50 puntos**
2) PROGRAMA DE SEGURIDADE. **Valorarase ata 5 puntos**	Plan completo e detallado de seguridade e accesibilidade, tanto na propia obra como na contorna da mesma, dacordo ao esixido pola autoridade ambiental autonómica. Garante o aumento de seguridade e un menor impacto a veciños e usuarios das vías, especialmente de grupos de poboación con maiores dificultades con medidas concretas e detalladas máis aló das mínimas legalmente establecidas. Estudo de implantación axeitado, coas provisións, xestión dos acopios e	Plan completo e detallado de seguridade e accesibilidade, tanto na propia obra como na contorna da mesma, dacordo ao esixido pola autoridade ambiental autonómica. Garante o aumento de seguridade e un menor impacto a veciños e usuarios das vías, especialmente de grupos de poboación con maiores dificultades con medidas máis aló das mínimas legalmente establecidas. Estudo de implantación, coas provisións, xestión dos acopios e dos desvíos provisionais necesarios e solución	Plan de seguridade e accesibilidade, tanto na propia obra como na contorna da mesma, dacordo ao esixido pola autoridade ambiental autonómica. Ten en conta o aumento de seguridade e un menor impacto a veciños e usuarios das vías, especialmente de grupos de poboación con maiores dificultades con medidas máis aló das mínimas legalmente establecidas. Estudo de implantación coas provisións, xestión dos acopios e dos desvíos provisionais necesarios e solución para os servizos

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10

	dos desvíos provisionais necesarios e solución para os servizos afectados. **4,50 puntos**	para os servizos afectados. **3,50 puntos**	afectados. **2,75 puntos**
3) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE. **Valorarase ata 5 puntos**	Plan completo e detallado para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra. Aplicación de tecnoloxías de control e específica adecuación do programa proposto para as características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo. **4,50 puntos**	Plan detallado para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra. Aplicación de tecnoloxías de control e específica adecuación do programa proposto para as características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo. **4,00 puntos**	Plan para o control da execución e da calidade dos materiais e unidades de obra. Aplicación de tecnoloxías de control e específica adecuación do programa proposto para as características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo. **2,75 puntos**
TOTAL	**24,00 puntos**	**20,00 puntos**	**14,00 puntos**

”

De seguido procédese a apertura do Sobre C, formulando as seguintes ofertas:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS S.A.:

1. PREZO OFERTADO:

SEN IVE	IVE	TOTAL
TRESCENTOS MIL CATROCENTOS OITO EUROS CON SESENTA E SEIS CENTIMOS (300.408,66)	SESENTA E TRES MIL OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CENTIMOS (63.085,82)	TRESCENTOS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITIO CENTIMOS (363.394,48)

O que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de CENTO VINTE EUROS CON VINTE E DOUS CENTIMOS (120,22) e con IVE de CENTO CORENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E SETE CENTIMOS (145.47)

MELLORAS VINCULADAS AO OBXECTO DO CONTRATO. (Indicar SI/NON)

SI **MELLORA- 1 ELEVACION CRUCE COLEXIOS**

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10

SI **MELLORA 2** **ELEVACION CRUCE D-15**

SI **MELLORA 3** **ELEVACION CRUCE RUA NOVA**

SI **ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE CALIDADE VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN ISO 9001), EN VIGOR** Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

SI **ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE XESTIÓN AMBIENTAL VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN- ISO 14001), EN VIGOR.** Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

SI **ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO ISO 18001 OSHSAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (UNE EN ISO 45001), EN VIGOR.**
Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

SI **ESTABILIDADE NO EMPREGO.**

LIÑA		N.º TRABALLADORES/AS TOTAIS EN PLANTILLA	N.º DE TRABALLADORAS/ES INDEFINIDOS A XORNADA COMPLETA EN PLANTILLA
1	De 8 a 20 traballadores		
2	De 21 a 30 traballadores		
3	De 31 a 40 traballadores		
4	De 41 a 50 traballadores		
5	De máis de 50 traballadores	197	163

Para a valoración deste apartado os licitadores deberán achegar xunto coa oferta o INFORME DE TRABALLADORES EN ALTA NO CODIGO DE CONTA DE COTIZACION emitido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social e datado no período de presentación de ofertas, coa ocultación de datos persoais; podendo o Concello verificar o dato interesado e que afecta ao tipo de contrato.

SI **MELLORA CONTROL DE CALIDADE DA OBRA. (INDICAR SI/NON)**

- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.:

PREZO OFERTADO:

SEN IVE.	IVE	TOTAL
283.729,31 € **DOUSCENTOS OITENTA E TRES MIL SETECENTOS VINTE NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS**	**59.583,16 €** **CINCUENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS OITENTA E TRES**	**343.312,47 €** **TRESCENTOS CORENTA E TRES MIL TRESCENTOS DOCE EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS**

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10

	EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS	

O que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de **20.327,47 €** e con IVE de **VINTE MIL TRESCENTOS VINTE SETE EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS** €.

MELLORAS VINCULADAS AO OBXECTO DO CONTRATO. (Indicar SI/NON)

__SI___MELLORA- 1 ELEVACION CRUCE COLEXIOS

__SI___MELLORA 2 ELEVACION CRUCE D-15

___SI__MELLORA 3 ELEVACION CRUCE RUA NOVA

__SI___ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE CALIDADE VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN ISO 9001), EN VIGOR
Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

___SI___ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE XESTIÓN AMBIENTAL VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN- ISO 14001), EN VIGOR.
Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

__SI___ ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO ISO 18001 OSHSAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (UNE EN ISO 45001), EN VIGOR.
Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

___SI___ ESTABILIDADE NO EMPREGO.

LIÑA		N.º TRABALLADORES/AS TOTAIS EN PLANTILLA	N.º DE TRABALLADORAS/ES INDEFINIDOS A XORNADA COMPLETA EN PLANTILLA
1	De 8 a 20 traballadores		
2	De 21 a 30 traballadores		
3	De 31 a 40 traballadores		
4	De 41 a 50 traballadores		
5	De máis de 50 traballadores	56	54

Para a valoración deste apartado os licitadores deberán achegar xunto coa oferta o INFORME DE TRABALLADORES EN ALTA NO CÓDIGO DE CONTA DE COTIZACIÓN emitido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social e datado no período de presentación de ofertas, coa ocultación de datos persoais; podendo o Concello verificar o dato interesado e que afecta ao tipo de contrato.

__SI___ MELLORA CONTROL DE CALIDADE DA OBRA. (INDICAR SI/NON)

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

- UTE ORESA – ANFISA:

PREZO OFERTADO:

SEN IVE.	IVE	TOTAL
(297.223,06 €) Douscentos noventa e sete mil douscentos vinte e tres euros con seis céntimos	(62.416,84 €) Sesenta e dous mil catrocentos dezaseis euros con oitenta e catro céntimos	(359.639,00 €) Trescentos cincuenta e nove mil seiscentos trinta e nove euros con noventa céntimos

O que supón unha baixa total sobre o prezo de licitación sen IVE de 3.305,82 € (tres mil trescentos cinco euros con oitenta e dous euros) e con IVE de 4.000,03 € (catro mil euros con tres céntimos)

MELLORAS VINCULADAS AO OBXECTO DO CONTRATO. (Indicar SI/NON)

SI___MELLORA- 1 ELEVACION CRUCE COLEXIOS

SI___MELLORA 2 ELEVACION CRUCE D-15

SI___MELLORA 3 ELEVACION CRUCE RUA NOVA

SI___ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE CALIDADE VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN ISO 9001), EN VIGOR Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

SI___ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO DE XESTIÓN AMBIENTAL VINCULADA CO OBXECTO DO CONTRATO (UNE-EN- ISO 14001), EN VIGOR. Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

SI___ ESTAR EN POSESIÓN DO CERTIFICADO ISO 18001 OSHSAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (UNE EN ISO 45001), EN VIGOR.
Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación. (Indicar SI/NON)

_____ ESTABILIDADE NO EMPREGO.

LIÑA		N.º TRABALLADORES/AS TOTAIS EN PLANTILLA	N.º DE TRABALLADORAS/ES INDEFINIDOS A XORNADA COMPLETA EN PLANTILLA
1	De 8 a 20 traballadores		
2	De 21 a 30 traballadores		
3	De 31 a 40 traballadores	33	25
4	De 41 a 50 traballadores		
5	De máis de 50 traballadores		

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10

Para a valoración deste apartado os licitadores deberán achegar xunto coa oferta o INFORME DE TRABALLADORES EN ALTA NO CÓDIGO DE CONTA DE COTIZACIÓN emitido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social e datado no período de presentación de ofertas, coa ocultación de datos persoais; podendo o Concello verificar o dato interesado e que afecta ao tipo de contrato.

SI___ MELLORA CONTROL DE CALIDADE DA OBRA. (INDICAR SI/NON)

Trala apertura dos Sobres C e na mesma sesión, a Mesa procede a:

a) Comprobar a documentación presentada polas empresas participantes e a inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopan inscritas e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

b) Avaliar e clasificar as ofertas.

De seguido a Mesa procede a valorar as ofertas e documentación contida nos Sobres C, correspondente a criterios obxectivos de valoración e a súa valoración; resultando as aseguintes puntuacións :

Expediente 916/2022 - PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA SEGURIDADE VIAL VARIOS CAMIÑOS. LOTE 2 (DENA)

	SOBRE C- CRITERIOS AUTOMATICOS	PREZO OFERTADO		MELLORAS			ISOS			ESTABILIDADE EMPREGO-ATA 10 PTOS	MELLORA CONTROL CALIDADE - 5 PTOS	PUNT.
oferta	EMPRESA	PREZO OFERTADO	PREZO-ATA 15PTOS	MELLORA 1-ELEVACION CRUCE COLEXIOS - 24 PTOS	MELLORA 2-ELEVACION CRUCE D-15- 5 PTOS	MELLORA 3-ELEVACION CRUCE RUA NOVA - 1 PTO	ISO 9001- 5 PTOS	ISO 14001- 5 PTOS	ISO18001/45001- 5 PTOS			
1	CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS SA	300.408,66 €	14,17	24,00	5,00	1,00	5,00	5,00	5,00	10	5	74
2	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	283.729,31 €	15,00	24,00	5,00	1,00	5,00	5,00	5,00	10	5	75
3	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES SL / ANTONIO FILLOY SA	297.223,06 €	14,32	24,00	5,00	1,00	5,00	5,00	5,00	10	5	74

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas nos sobres B e C resultan as seguintes puntuacións totais ordenadas de maior a menor puntuación:

		Criterios avaliables	**Criterios obxectivo**	

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10

ORDE	EMPRESA	*mediante un xuízo de valor, sobre B*	avaliables mediante fórmulas ou de forma automática, sobre C	Puntuación total
1	CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS SA	24	74,17	98,17
2	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	20	75	95
3	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES SL/ ANTONIO FILLOY SA	14	74,32	88,32

Acadando a mellor puntuación a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.; que resulta proposta para a adxudicación do contrato da obra Proxecto integral de pavimentación e mellora da seguridade vial de viarios no termo municipal do Concello de Meaño. Lote 2 (Parroquia de Dena).

c) Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público se a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

A vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 159.4.4º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación acorda requirir á empresa proposta, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presenten a seguinte documentación:

- Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído

- Documentación xustificativa de dispoñer efectivamente dos medios que se houbesen comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presentase a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación outorgándolle o correspondente prazo para constituír a garantía definitiva.

E non sendo outro o obxecto desta mesa de contratación dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 5QTY32FLCJSEATNJAKM2SWQEZ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10